

cim CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES móbil

ATENCIÓN, ASESORÍA E ACOMPAÑAMENTO

DOSSIER INFORMATIVO

 XUNTA
DE GALICIA


Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

 MINISTERIO
DE IGUALDAD
SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERRADICACIÓN
DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

Xacobeo  2027

Presentación do servizo

O Centro de Información á Muller Móbil (CIM Móbil), é un recurso especializado na atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero e outros colectivos vulnerables, dependente da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero (Consellería de Política Social e Igualdade) da Xunta de Galicia.

O servizo impleméntase nos concellos que non dispoñen de CIM municipal ou supramunicipal, asegurando un acceso ao servizo universal e sen barreiras e garantindo a igualdade de atención independentemente das circunstancias persoais ou sociais.

Este modelo de atención itinerante permite aos concellos dispoñer dun servizo especializado e de calidade, optimizando recursos e garantindo o acceso das mulleres aos seus dereitos en todo o territorio.



Furgoneta do servizo CIM Móbil.

Obxectivos

OBXECTIVO XERAL

- Garantir un acceso próximo, universal e especializado á atención integral ás mulleres en situación de violencia de xénero en concellos sen CIM e nos campus universitarios galegos, incorporando accións de prevención e sensibilización social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Levar atención psicolóxica, social e xurídica especializada aos territorios sen CIM.
- Informar, asesorar e acompañar de forma integral ás vítimas de violencia de xénero e sexual.
- Desenvolver accións de prevención e sensibilización comunitaria en diferentes espazos.
- Promover a igualdade de xénero e a diversidade LGBTI con campañas adaptadas a distintos públicos.
- Reforzar a coordinación entre recursos locais, autonómicos e universitarios.

Servizos do CIM móbil

O CIM móbil ofrece dous tipos de intervención: un servizo de acompañamento integral e interdisciplinar e un programa de actividades de sensibilización. Ambos impleméntanse de forma coordinada cos servizos sociais municipais, recursos locais, programas da Xunta de Galicia e entidades do ámbito universitario, adaptando o servizo ás necesidades de cada entidade.

1. ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS USUARIAS

- Información, asesoramento e acompañamento individualizado.
- Atención psicolóxica especializada en violencia de xénero e violencia sexual.
- Asesoramento social e orientación sobre recursos e prestacións.
- Información e asesoramento xurídico sobre dereitos, procedementos e medidas de protección.
- Detección temperá de situacións de violencia de xénero.
- Derivación e coordinación con recursos sociais, sanitarios, xudiciais e de seguridade.
- Atención presencial programada e adaptada ás características de cada territorio.
- Intervención en zonas rurais e con dispersión xeográfica.
- Atención nos campus das universidades públicas de Galicia.
- Complemento da atención presencial con atención telefónica e coordinación técnica.

2. PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN COMUNITARIA

- Execución de accións de sensibilización sobre igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Realización de charlas, obradoiros e actividades educativas.
- Intervencións dirixidas á poboación xeral, mocidade, comunidade educativa e universitaria.
- Adaptación das actividades aos espazos dispoñibles e aos distintos públicos destinatarios.

Persoas usuarias

O CIM móbil é un recurso aberto a toda a cidadanía, que permite a calquera persoa achegarse, informarse e coñecer os servizos dispoñibles, aínda que se trata dun servizo especializado de atención e información dirixido especificamente ás persoas que se indican a continuación.

Mulleres vítimas de calquera forma de violencia de xénero

Menores ao cargo das vítimas de violencia de xénero

Persoas maiores ou dependentes ao seu cargo, cando a situación da vítima así o requira

Alumnado universitario, mediante accións de información, orientación e sensibilización

Comunidade en xeral, a través de actividades de prevención e de fomento da igualdade

Actividades de prevención e sensibilización

As accións que se detallan a continuación enmárcanse nunha estratexia de intervención comunitaria dirixida á prevención da violencia de xénero, a promoción da igualdade e o fomento de relacións saudables, tendo en conta que, en función da actividade a desenvolver, as necesidades técnicas poden variar, podendo ser preciso dispoñer dun espazo cuberto (sala multiusos), subministración eléctrica ou unha explanada cunha superficie determinada.

Obradoiros e talleres de sensibilización comunitaria, dirixidos a distintos colectivos e idades, para traballar a prevención da violencia de xénero, a igualdade, os roles de xénero, as relacións saudables e o botrato mediante metodoloxías participativas.

Accións de teatro social e dinámicas grupais, como ferramenta de concienciación e reflexión colectiva, que permiten analizar situacións cotiás, xerar debate e promover cambios de actitude na comunidade.

Educación de rúa e actividades en espazos públicos, achegando a sensibilización á poboación xeral de forma próxima, accesible e adaptada a cada contorna.

Actividades lúdicas e creativas con mocidade e infancia, incluíndo xogos, dinámicas participativas e formatos adaptados a cada grupo de idade, así como accións audiovisuais e dixitais orientadas á prevención e á promoción da igualdade.

Necesidades técnicas do servizo

Para poder levar a cabo a atención e as actividades que comprende o servizo, precísase un espazo exterior mínimo de 7 metros de ancho, 6 metros de fondo e 3 metro de altura. No espazo proporcionado deberase poder aparcar a furgoneta e colocar a carpa exterior.

A continuación indícanse as necesidades do servizo, que deberán ser confirmadas con antelación á data fixada para levar a cabo a intervención:

- Espazo coas dimensións anteriormente citadas.
- Naqueles supostos nos que a montaxe en exterior sexa inviable por inclemencias climáticas ou por necesidades do servizo, contéplase a opción de levar a cabo a intervención nun espazo interior que haberá que concretar de forma previa á intervención.
- Terreo plano e regular, preferiblemente de cemento ou similar, que permita o paso e estacionamento dunha furgoneta de grandes dimensións (L2H2).
- A montaxe e desmontaxe do espazo (interior e exterior) está prevista para realizarse en media hora. Polo tanto, precísase que a localización elexida estea despexada, polo menos, media hora antes do inicio da intervención.
- Para certas actividades pode ser necesario un punto de luz. De ser preciso, solicitarase con anterioridade á intervención.

cim móvil

CENTRO DE
INFORMACIÓN
A LAS MUJERES

ATENCIÓN, ASESORÍA E ACOMPAÑAMIENTO

 XUNTA
DE GALICIA


Pacto de Estado
contra la violencia de género



MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERRADICACIÓN
DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

Xacobeo  2027